

PROXECTO ALÉN

Proxecto de prevención dirixido a persoas e colectivos en risco de exclusión social ou desprotección.

Lugar de realización: Fundación Érguete-Integración, Avda. Martínez Garrido, 21, interior – 36205 Vigo

Persoas destinatarias: 15 persoas sen fogar

Data de inicio: 01/07/2016

Data de finalización: 26/10/2016

Finalidade do proxecto: Desenvolver unha serie de actividades deseñadas individual ou grupalmente para persoas co propósito de favorecer a súa inserción social, dotando ao individuo daquelas ferramentas de autocontrol necesarias para manter os seus consumos a niveis compatibles con patróns de vida o máis normalizados posibles, e facilitando o desenvolvemento na sociedade das persoas sen fogar mediante o coñecemento dos requirimentos legais das situacións que lles afectan.

Resultados esperados:

- Reforzar aos usuarios para que sexan capaces de por en marcha estratexias que lles permitan regular os seus comportamentos.
- Dotar das ferramentas necesarias aos nosos usuarios para poder controlar o seu consumo.
- Potenciar as expectativas de autoeficacia.
- Unha maior autonomía na busca de solucións de natureza xurídica que se derive en maior número de actuacións persoais de resolución de problemas,
- Menor número de consultas a servizos non especializados.

Fases do proxecto:**a) PREVENCIÓN**

- Compromiso para o cambio.
- Identificación e avaliación do problema.
- Planificación dos obxectivos de cambio.
- Deseño e aplicación das estratexias de cambio.
- Mantemento e prevención das recaídas

b) FORMACIÓN XURÍDICA

- Actuacións de Xustiza gratuíta en materias non penais nin penitenciarias (asistencia gratuíta, avogados de oficio, etc.)
- Actuación no caso de non poder presentarse a xuízo
- Inmediatez do apoio, acompañamento xurídico.
- Cumprimento alternativo (funcionamento, lugares, etc.)
- Procedementos sancionadores administrativos por consumo e tenencia ilícita de substancias estupefacientes
- Multa e sancións (drogas, condución, escándalo público).
- Identificación en rúa. Documentación.
- Dereitos / deberes no ámbito de prostitución.
- Débedas civís
- Que ocorre coas prestacións cando se entra en prisión. Procedementos de comunicación.
- Actuación en caso de embargos. Reclamacións
- Documentación / Instancias (cales son, como cubrilas, etc.)
- Información xurídica aos usuarios (dereitos/deberes)
- Lexislación: drogas, vivendas ocupa, muller (violencia de xénero)
- Asesoramento xeral en dereito de familia e protección de menores
- Pago de prestacións de excarceración. Prazos.

Metodoloxía: O método de traballo consiste na utilización de exemplos e casos prácticos, preferentemente aportados polos propios participantes, para aplicar os contidos teóricos a súa vida cotiá de xeito inmediato.